Actividades

1. Completa os ocos destas novas de xornal coas palabras adecuadas de cada par.

oso - óso	*compren - cómpren*
pe - pé	*presa - présa*
te - té	*do - dó*
fora - fóra	*cha - chá*

O Ministerio de Medio Ambiente paralizou a construción da ..... de Narla, na provincia de Lugo, cunha Declaración de Impacto Ambiental negativa, segundo anunciou onte a ministra de Medio Ambiente, Cristina Narbona.

Galicia Hoxe (9-9-2004)

A Xunta de Galicia decretou tres días de ..... oficial, de luns a mércores, pola morte de Xoán Paulo II.

Galicia Hoxe (4-4-2005)

A rúa Xeneral Pardiñas acolle desde hai uns poucos meses un local que promete facer as delicias dos afeccionados ao mundo das infusións, e máis en concreto, ao mundo do ..... .

Galicia Hoxe (18-2-2004)

A Terra ..... acolle os restos de Manuel María nun sepelio no que máis de tres mil persoas enmudeceron co adeus, en Outeiro de Rei, ao poeta da patria.

Galicia Hoxe (11-9-2004)

En España son varias as especies en perigo de extinción: o salmón atlántico, o ..... pardo, a foca monxe ou a aguia imperial.

Galicia Hoxe (8-5-2005)

Pola neve e o xeo ..... cadeas no porto de Poio (Lugo) e a DXT recomenda precaución nalgunhas estradas de Lugo, de Pontevedra e da Coruña.

Galicia Hoxe (26-12-2004)

Galicia ten saldo de mobilidade laboral negativo. O número de traballadores que saen de Galicia para traballar noutras comunidades supera en case 4 000 persoas os empregados que chegan de ..... para traballar na nosa comunidade.

Galicia Hoxe (18-2-2004)

Os colectivos pesqueiros de Galicia manifestáronse onte en Santiago para pedir o cambio na actual normativa pesqueira. Os afectados pola crítica situación da anchoa do Cantábrico están en ..... de guerra.

Galicia Hoxe (15-5-2005)

— Crea oracións combinando as palabras de cada par que non usaches.

- .....
- .....
- .....
- .....